



ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA
CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García (PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE

D^a.María Isabel Rodríguez López(PSde G-PSOE

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE

D^a.Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE

D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)

D. Cesar Aja Mariño, (P.P.)

D.Jaime Eduardo de Olano Vela,(P.P)

D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

D^a.María de Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P)

Dona Cándida Mendez Salgado (PP)

D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG

D.Manuel Galdo Dopico,BNG

Dona Olaia Casas Chaves (BNG)

D.Guillermo Leal Arias,IVI

D.Jesús Fernández Fernández,IVI

INTERVENTOR EN FUNCIONS

D.Sergio Aguado Delicado

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catorce de Marzo de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr^a.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sra. Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sra.Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesión do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión extraordinaria do Pleno do Concello para tratar o único punto da Orde do Día.



1º.-ANALISE E DEBATE DAS CONTAS DAS FESTAS PATRONAIS E NASEIRO DENDE O ANO 2003 ATA O ANO 2013.

Pola Sra.Alcaldesa dase conta de escrito presentado por D.César Aja Mariño e Cinco Membros máis, todos eles Concelleiros do Concello de VIVEIRO e integrantes do Grupo Municipal Popular, representando máis do 30% do total de integrantes da Corporación, e ao amparo do establecido no artigo 46.2 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local, SOLICITAN a Convocatoria dun Pleno Extraordinario ca seguinte Orde do Día:

“Análise e Debate das Contas das Festas Patronais e de Naseiro dende os ano 2003 ata o 2013.

Tendo en conta que todos os Concelleiros que forman parte da Corporación municipal recibiron das Oficinas da Intervención toda a documentación relativa a: Ingresos aportados por empresas, particulares e outras entidades para a realización de festexos dende o ano 2003 ata o ano 2013, e tendo en conta asemesmo, que tamén recibiron Copias de documentos e recibos relativos ós ingresos, Xustificantes de Ingresos efectuados, Xustificantes de gastos, etc, que se fixeron chegar a todos os Srs. Concelleiros polo sistema grabado en pendrai, por todo o antedito vaise facer un resumo de gastos ,ingresos e aportacións, que se indican a continuación:

A) INGRESOS APORTADOS POR EMPRESAS

2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	
22.917,95	16.000,80	60.520,00	51.755,00	20.810,00	9.740,00	21.780,00	1.000,00	4.680,00	2.955,00	650,00	
											212.808,75

Total resumen aportaciones 212.808,75 Euros.

PAGADOS GASTOS FESTAS PATRONAIS.-I

PAGADOS	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	
2003	105419,77											105419,77
2004		221.064,15										221064,15
2005			195984,75									195984,75
2006			156000,25	295200,58								451200,83
2007			870,00	61604,60	7963,55							70438,15
2008					221981,79							221981,79
2009						22114,27						22114,27
2010						137213,51	174173,68	18660,26				330047,45
2011						71358,26	142936,06	62807,12	66630,60			343732,04
2012						60743,17	170498,15	161834,2	63638,90	9762,52		466476,89
2013										37596,91	91942,58	2557999,58
PAGADO	105419,77	221064,15	352855,00	356805,18	229945,34	291429,21	487607,89	243301,53	130269,50	47359,43	91942,58	2557999,58
PTE. PAGO								3892,21	112144,87	102542,97	43749,84	262329,89
TOT-GASTOS	105419,77	221064,15	352855,00	356805,18	229945,34	291429,21	487607,89	247193,7	242414,4	149902,40	135692,42	2820329,47

GASTOS FESTAS PATRONAIS.-II



PAGA DOS	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	
2003	105419,77											105419,77
2004		221.064,15										221064,15
2005			195984,75									195984,75
2006			156000,25	474039,01								630039,26
2007			870	61604,60	7963,55							70438,15
2008					221981,79	144381,69						366363,48
2009						22114,27						22114,27
2010						137213,51	174173,68	18660,26				330047,45
2011					6061	71358,26	142936,06	62807,12	66630,60			349793,04
2012						60743,17	170498,15	161834,2	63638,90	9762,52		466476,89
2013										37596,91	91942,58	129539,49
PAGA DO	105419,77	221064,15	352855,00	535643,61	236006,34	435810,90	487607,89	243301,53	130269,50	47359,43	91942,58	2887.280,7
PTE. PAGO								3892,21	112144,87	102542,97	43749,84	262329,89
TOT-GASTOS	105419,77	221064,15	352855,00	535.643,61	236.006,34	435.810,90	487607,89	247193,7	242414,4	149902,40	135692,42	3.149.610,59

FESTAS NASEIRO 2003 2013

PAGADO	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
ANO 2003	871,47											871,47
2004		10518,60										10.518,60
2005			508,32									508,32
2006			12857,46	3670,00								16.527,46
2007				11866,67	47890,21							59.756,88
2008					387,31	7580,90						7.968,21
2009						20652,76	20000,00					40.652,76
2010						893,20	1288,22	10634,16				12.815,58
2011							7337,00	1714,52				9.051,52
2012							16223,76	13249,32	16314,62	6490,00		52.277,70
2013										6751,76	10682,41	17.434,17
PDT PAGO									4720,00		10194,25	4.720,00
TOTAIS	871,47	10.518,60	13.365,78	15.536,67	48.277,52	29.126,86	44.848,98	25.598,00	21.034,62	13.241,76	20.876,66	233.102,67

Seguidamente, pola Sra.Alcaldesa Dona María Loureiro García dásele a palabra a Don César Aja Mariño, representante do Grupo Municipal do PP que encabeza o escrito motivo deste Pleno, quen intervén e comeza saudando e dando as grazas e ven en dicir: “ En primeiro lugar, e como consecuencia de ser este un Pleno solicitado polo Grupo Municipal do Partido Popular, desexo expresar o meu agradecemento e o agradecemento do grupo Municipal do PP á Sra.Alcaldesa pola deferencia que tivo de convocar esta sesión plenaria nas datas indicadas polo grupo municipal do P.P.



Dicir tamén, polo mesmo motivo, de solicitarse polo Grupo Popular este Pleno, a renuncia dos membros do noso grupo á percepción das indemnizacións correspondentes a esta sesión.

E xa entrando no asunto motivo deste pleno, que son as Contas das Festas Patronais e de Naseiro, lamentar que fose necesario ter que solicitar o pleno, cando requirimos que se nos facilitasen as contas de ambos eventos en multitude de ocasión, e xa dende 2004 como se pode apreciar na acta da Xunta de Goberno Local do 25 de febreiro de 2004, sen que estas se facilitaran, solicitamos realizar o estudo e a comprobación das mesmas en Comisión, e tampouco se aceptou, e a día de hoxe, pouco ou nada sabemos sobre estes asuntos.

Asuntos, non menores, posto que perante estes anos 2003- 2013, os gastos das Festas Patronais superaron os TRES MILLONS DE EUROS, MÁIS DE 500 MILLONS DE PESETAS, cantidade nada desdeñable sobre a que non se presentou ningunha conta e cuxa ausencia de xustificación, xera serias dúbidas sobre a actitude das persoas que levaron a xestión deste eventos.

Se ben se reflicten partes dos gastos nas actas de Comisións de Goberno e Xuntas Locais de Goberno, non coñecemos as cantidades que se pagaron mediante decretos e peor aínda, non se xustificaron de forma correcta os ingresos que se percibiron por aportacións populares, por aportacións de empresas, e por venda de Bonos, eso no mellor dos casos, posto que nas Festas de Naseiro, nin eso.

Non acertamos a entender porque se puxeron tantas trabas ás xustificacións dos gastos das festas, se o diñeiro percibido pola venda de bonos e o donado por empresas e particulares está perfectamente documentado e xustificado, non tería por qué existir impedimento para a facilitación destes datos.

Datos por outra banda, que no caso das festas de Naseiro, non se nos facilitou ningún correspondente ós ingresos nin tampouco dos gastos realizados polos responsables da realización de este evento.

Na documentación que se nos facilita, aparecen os gastos globais realizados nas festas nos distintos exercizos pero non desglosados, solamente aparece parte dos mesmos do ano 2006 e 2008. Aquí, teño que dicir, que se envía por parte de Intervención e hai documentación posterior a cal teremos que volver a mirar..

Nos ingresos notamos diferencias notables duns exercizos a outros, así no ano 2003, os ingresos por venda de bonos foron de 18.085 , sobre un total de ingresos de 22.917,95€, significar que o Camping que tiña o compromiso de realizar unha aportación por uso e disfrute gratuito non realizou ningunha aportación... No ano 2004, ingrésanse por bonos 12.570 Euros sobre un total de 16.000,80 € e nesta ocasión tampouco o Camping aportou nada, a pesar de que no pleno se nos dixo que sí. No ano 2005, ingrésanse en concepto de venda de bonos



27.810 €uros sobre un total de 60.520,00€uros, onde o Camping tampouco aporta nada aínda que sí aparecen unhas donacións curiosas como foron as das empresas Luzson e Belfoga, os cales, por un lado, conceden unhas aportacións moi substanciosas e por outro pasan facturas por servizos festivos, tamén moi substanciosas. No ano 2006, os ingresos en concepto de venda de bonos é de 26.100 €uros sobre un total de 51.755 , cantidade, a de 26.100 €uros que se ingresa nas contas municipais o 9-11-2006, baixo o concepto de "Parte da recadación". Curiosamente o diñeiro estivo casi tres meses en algún lugar que non era o máis apropiado. E o Camping segue sen aportar nada, ao menos que se saiba.

Perdoen que sexa un pouco longo na exposición pero creo que é pedagóxico e ilustrativo facerse unha ideas de cómo foron evolucionando as contas relativas ás festas.

No exercizo 2007, ingresáronse 20.810€uros dos cales 12.000 € corresponden a aportacións de CESPAs e AQUAGEST e 6000 €uros a venda de bonos, esta vez sí ingresados en tempo e forma, o 10-08-2007. O Camping, segue sin aportar nada.

No exercizo do 2008, sobre uns ingresos totales de 9.740 €uros, Aguagerst aporta 5.000 €, o camping 1.000 €uros e o resto outras empresas, por venda de bono 0 €uros.

No ano 2009, se recadan, datos sempre de intevención, un total de 21.780€uros, dos cales, 9.350€uros corresponden á petitoria do ano 2008, aínda que son ingresados nas contas municipais , o 9-03-2009. ¿Alguén nos pode explicar por qué estes cartos estiveron desaparecido sete (7) meses...?. Da petitoria de 2009 ingrésanse no Concello 10.320 €uros, o 22-10-2009. Esta vez o Camping tampouco ingresa nada.

No ano 2010, só hai un ingreso de 1.000 €uros aportado pola Caixa, nin venda de bonos, nin empresas , nin petitoria, nin camping, nin nada de nada.
¡Sorprendente!

No ano 2011, só se obtiveron 4.680 €uros, dos que 3.000 €uros corresponden a dúas empresas de un total de 10 colaboradoras. Venta de Bonos, cero, camping cero e particulares cero.

No ano 2012, unha situación similar, total ingresado 2.955 €uros, venda de bonos cero €uros e Camping tamén cero €uros.

E por último no exercizo 2013, aínda peor, 650 €uros total recadado, 0 €uros de venda de bonos e 0 €uros do camping.

Vista a traxectoria, podemos concluir que a xestión económica, en canto a captación de ingresos se refire, dos responsables das festas sobre todo a partir de 2007, foi desastrosa. Tan funesta que o obter 650€ no ano 2013, non necesita ningún outro calificativo.



GASTOS

No concepto de gastos, solamente se nos aportou o resumo de todas as anualidades dende o ano 2003 ata o 2013, pero non a xustificación dos gastos desglosados durante eses anos, exceptuando as xustificacións do ano 2006, cun gasto de 178.838, 43 €uros en 71 operacións ou conceptos e a xustificación do 2008 por un importe de 144.381,69 €uros e 22 anotacións. Polo tanto, seguimos carecendo das operacións relativas ao resto das anualidades, documentación clave para saber en qué se emplearon cantidades importantes de diñeiro, diñeiro que a contabilidade de Intervención, solamente en Festas Patronais, cifra en 3.149.610,59 , que sumados ao Resurrection Fest, ás Festas Parroquiais, festival do Landro, Navidades, Carnavales, Carmen etc, superan amplamente os cinco 5) millóns de Euros.

Chama poderosamente a atención como o propio goberno municipal no ano 2004, promociona a unha persoa determinada e a contrata, para unha serie de actividades festivas.

Algo premeditado tal e como se aprecia na acta da Xunta de Goberno Local do 22 -03-2004, donde se solicita, por parte do Concello, unha cantidade destiñada a este señor para a financiación da súa empresa destinada ao desenvolvemento cultural, comprometéndose a efectuar un contrato de un ano de duración coa citada empresa. Curioso interés por unha determinada empresa e curioso contrato, que tampouco se nos facilitou, que supera amplamente as cantidades reguladas pola lexislación vixente en aquel momento.

Podemos apreciar cousas tan curiosas como o contrato ao Grupo do Conservatorio a traves de esta persoa, Andres Gómez Fernández, acta de 3-08-2004, ou a Banda TAU e Irmáns Bermudez Couso, incluso o dar cursos no Conservatorio, tamén a través do mesmo comisionista. Acta do 24-08-2004, claro que esto aínda sendo curioso, non é tan escandaloso como contratalo no ano 2004, a cantidade de 125.685 €uros, a pesar dos informes de reparos de Intervención e dado que este Señor non é nin foi Axente de Espectáculos ¿Cómo é que se lle deu esta prebenda e non se lle deú a outros xóvenes que seguro estarían encantados en realizar esta función..? ¿Cómo explican que antes nunca fixo falta ningún intermediario comisionista nin agora tampouco..?. Estas son reflexións que se fan moitos cidadáns que vian como se dilapidaban os seus impostos.

Nas Festas do 2005, seguimos apreciando asuntos curiosos como o aprobar 73.778 €uros no concepto de Gastos Diversos, sen ningún tipo de xustificación, ou o encargo esaxerado por importe de 88.078,80 €uros ó susodito Andres Gómez Fernández, a quen se lle contrata os Xigantes e Cabezudos, a Banda Tau ou a Iria Raxal... Por suposto con cachés máis elevados que os que acostuman a cobrar directamente.



Nas Festas do 2006, soamente en Festas Patronais, gastan 535.643,61 €uros dos cales 220.000 €uros son contratados por Andrés Gómez Fernández, cantidade esaxeradísima e sin que exista ningún tipo de contrato, ou alo menos que nosoutros seibamos.

Tamén nesta ocasión soliciamos as contas das Festas, como se aprecia na acta da Xunta de Goberno Local do 26 de Xullo de 2006 ou antes como se reflecta na acta da XGL do 25 de febreiro de 2004.

Nas Festas do 2007, non se nos facilita ningún dato só importe global dos gastos realizados, que non coinciden cos datos que nosoutros temos obtido das distintas comisións, datos que nos indican unha importante contratación a Andrés Gómez Fernández, con informes de reparo de Intervención, a pesar do cual se sigue contratando.

Nas Contas do 2008, tampouco temos documentación pois o desglosado é por un importe de 144.381, 69 €, con 22 anotacións mentras o gastado supón segundo intervención 435.810.,90 €uros, cifra que concorda coas menexadas por nosoutros e onde aparecen unha serie de empresas como Fábrica de Chocolates Producciones Artísticas o Arte Lugo 2006 S,L. Cuxos titulares descoñecemos, aínda que moito nos tememos que algúns deles coincida con Andres Gómez Fernández.

No resto de anualidades, de 2009-2013, as actividades realizadas non están reflectidas nas Actas da Xunta de Goberno Local, polo que supoñemos que se abonaron a través de decretos.

Nos distintos cargos realizados por Andres Gómez Fernández, A Fábrica de Chocolates-Producciones Musicales S.L. o Da Capo, englóbanse as actuacións de varios grupos, co único obxecto de donfundir e disimular o coste de cada un deles individualizado, a pesar do que poiemos comprobar o elevado coste repercutido ao Concello cando o caché real dos distintos grupos era significativamente inferior.

Como queira que a documentación aportada está incompleta case na súa totalidade:

SOLICITAMOS A SRA ALCALDESA A SEGUINTE DOCUMENTACION:

- 1.-Todos os gastos desglosados correspondentes ás festas Patronais ou de Verán, dende o 2003 ao 2013, inclusive, que loxicamente han coincidirán cos datos globales aportados.
- 2.-Nombre da persoa física que representa A Fábrica de Chocolates-Producciones Musicales,S.L., Da Capo e Arte Lugo 2006 S.L.



3.-Copia das facturas emitidas pola Fábrica de Chocolates-Producciones Musicales S.L., Artre Lugo S.L. Andrres Gómez Fernández e Da Capo.

4.-Copia dos contratos realizados entre o Concello de Viveiro e Andrés Gómez Fernández e o Concello de Viveiro e La Fábrica de Chocolates- Producciones Musicales así como Da Capo.En Viveiro a 14 de marzo de 2014.

FESTAS DE NASEIRO

Sobre as Festas de Naseiro, o ocultismo é total, pois segundo parece soamente hai algúns gastos realizados ou cargados ás contas municipais pero ningún ingreso, o co cal é de por sí grave se temos en conta que na acta da Xunta de Goberno Local de 3 de agosto de 2004, dase conta da firma dun convenio de colaboración entre o alcalde e o presidente da Comisión de Festas de Naseiro, Antonio Vázquez Cao, no cal a Comisión comprométese a “Presentar no Concello o balance económico das Festas”.

Polo tanto si esta comisión tiña a obriga de presentar as contas de Naseiro no Concello e supoño que así foí, espero que a mesma obriga a teñan as próximas comisións.

Na Acta da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2005, dase conta da adxudicación do Hórreo por un importe de 4.600,00 Euros, cantidade que non sabemos se ingresou no Concello ou se trasfiriu á Comisión de Festas de Naseiro.

Na Acta da Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2006, refléxase unha proposta da alcaldía en cuxo punto 5.1 apróbase o asumir por parte do Concello de Viveiro a organización da Romaría de Naseiro e no punto 5.2 da mesma Xunta de Goberno é nomeado como Presidente da Comisión Organizadora da Romaxe de Naseiro D. Rafael Luis Fernández Amor. Polo tanto maior razón para que as contas de gastos e de ingresos desta Romaría, figuren nos arquivos municipais e estean controlados pola tesourería e Intervención municipal, posto que é o Ayuntamiento (Grupo de Goberno) e o Concelleiro de Facenda, os que asumiron a responsabilidade da organización.

Dado que carecemos do máis mínimo dato dos ingresos obtidos nas distintas edicións das Festas de Naseiro, chámanos poderosamente a atención algúns dos gastos asumidos polo Concello de Viveiro.

Así a transferencia realizada á comisión no ano 2006, por importe de 3.670,00Euros, e pagar a Artrelugo2006 S.L. a actuación da Orquesta Panorama, por importe de 13.920 Euros, no ano 2008. Tamén a Artrelugo2006, a actuación da orquesta Panorama, esta vez 20.000 Eutros, no ano 2009 ou novamente a Artrelugo2006 a actuación da orquesta Tekila por un importe de 10.620Euros no ano 2010.



O que é realmente insólito é que o Concello chegue a pagar as orquestras de Naseiro, cando eu aomenos, non lembro que este tipo de gastos foran a cargo das arcas municipais. Nin tampouco recordo que se cargasen ao Concello os gastos de luz, de sonido ou a instalación de casetas.

É relavante a dunha factura de imprenta pertencente ao ano 2011, por importe de 1.317,98 €uros de a adquisicións de carteis”, recibos de enganche de luz, recibos postos, cartulinas, vales de comida”. O que pón de manifesto que se lles cobrou ós romeros, (para eso se supón que serían os vales,) e ás distintas instalacións etc, e sen embargo non se xustificaron ningun deses ingresos así como os gastos orixinados e abonados polos membros da propia comisión.

Factura similar é a orixinada no ano 2012, tamén de imprenta, por importe de 1.125,71 €uros, correspondente a 800 bonos de festas, carteis, recibos cobro postos, recibos enganches de luz”. O que novamente sorprende é que se adquiran 8000 bonos para as patronais e se recaudaran cero euros , ao igual que o caso anterior, non se comprobara nin se contabilizara o recadado nos conceptos reseñados.

Nosoutros creemos que especialmente as festas de carácter municipal, que ademáis se financian en parte con importantes cantidades económicas deben de ser fiscalizadas polos órganos de control municipal, máxime neste caso no que é o propio Concello quen as organiza e os Concelleiros do Grupo de Goberno os que as presiden ou presidiron.

Ante esta situación de carencia absoluta da relación de ingresos das Festas de Naseiro, o noso Grupo do PP propón á Corporación que se requira ós distintos presidentes para que no prazo máximo de un mes presenten a xustificación dos ingresos e gastos xerados nas distintas edición das festas de Naseiro. Viveiro a 14 de marzo de 2014.”

A continuación, Intervén a Concelleira-Delegada de Facenda, Dona Covadonga Viamonte Aguiar, quen comenza a súa intervención saudando a todos os presentes, e dí que se está aquí para debater e analizar as contas das festas das anualidades que se indican no enunciado da Orde do día e tamén as festas do Naseiro, continúa dicindo que se entregou toda a documentación, balances económicos, e os gastos realizados ó longo de todos estes anos, e os gastos realizados no Naseiro perante tamén nestes anos. Indica que estes datos tamén están refletidos na contabilidade, e que están aprobados nas contas xerais anuais, fiscalizados polo Consello de Contas e do Ministerio de Facenda, e que eu saiba, dí, nin polo Consello de Contas nin polo Ministerio de facenda, ata agora, se pidiu ou houbo ningún requerimiento nin se apuntou que estiveran mal. Polo que vemos, os ingresos están reflexados e ademais parte de todos estes gastos se aprobados polo Pleno deste Concello, previa fiscalización polo órgano municipal competente, entón se pode entender que, a



transparencia haina, e que estas Contas foron remitidas ao Consello e tamén as tén o Partido Popular, e xa máis transparencia é imposible.

Intervén, seguidamente o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Don Bernardo José Fraga Galdo, e dí que non entende que este pleno teña que ser extraordinario, polo contrario, podería facerse o pleno ordinario e incluír "As Festas" como un punto máis na orde do día, por exemplo, no pleno anterior que só houbo catro puntos. Pero indica que aquí estase para analizar as constas e vemos que a documentación que se presenta e moi incompleta e entendíamos que íamos debatir a partida de festas e todos os gastos que se inclúen nas festas e vemos que faltan as das parroquias, os gastos de festivais como a Mostra ou o Festival de Resurreixon-Fest, etc e vemos que nas aportacións que se están a presentar non se reflexan os ingresos polas vendas de bonos.

Seguidamente, intervén a Señora Alcaldesa, para indicar que o motivo deste Pleno e o análise e debate das festas patronais e de Naseiro como se solicitaba no escrito do Partido Popular, polo que non entran o resto das festas de Parroquias e outras.

Despois desta aclaración da Sra Alcaldesa continúa a súa intervención o Voceiro do BNG, Don Bernardo José Fraga para sinalar que sobre as Festas Patronais, o noso grupo, pensa que o Concello non ten que facer as Festa e temos un exemplo no Concello de Ribadeo que tén unha Comisión de Festexos que é quen contrata e quen recada e quen organiza todos os festexos e leva a cabo as festas, e tamén pensamos que sería moito mais positivo a venda de bonos cando se organiza por unha Comisión de Festexos que por parte dun Concello, polo que estamos de acordo en que tería que facerse así. Nosoutros vemos que os gastos están descontrolados, motivo éste das discusións co Goberno municipal, e a disconformidade por ter sempre os presupostos prorrogados, que non coinciden coa realidade, e xa vemos tamén que non coinciden as cantidades que se presupostan para as festas coas que en realidade se gastan.

Finalmente vese que non coincide o presupuestado co gastado, e vamos a considerar que Viveiro gastou moito, e gastou o que non tiña nas festas e agora hai que pagar polo que se fixo e o pobo segue deprimido.

Con respecto as Festas de Naseiro que é unha Festa que xera moitos ingresos e gastos debe de autofinanciarse, pero antes, se facía a través dunha Comisión que sería os que teñen que dar as contas de gastos e dos ingresos. Penso tamén que a Festa de Naseiro ao Concello supónlle uns gastos de seguridade, electricidade, melloras de infraestructuras pero que asuma a responsabilidade total desta festa no no vexo ben, hai gastos coma a recollida de lixo e o Concello debe velar pola seguridade pero considero que Naseiro é unha festa que debe autofinanciarse. Agora xa nós preferimos mirar cara o futuro porque estes desfases económicos non se deben facer e máis, tendo en conta, que hai traballadores que están sen percibir as súas nóminas e que vexan estas contas e estes números poden dar lugar a montar en cólera xa que é difícil de entender...



Intervén o Voceido do IVI, Don Guillermo Leal Arias, para indicar que neste Pleno non vexo o sentido desta petición da orde do día, que veñen pedindo explicacións extemporáneas cando antes non se daban moitas... e dí que as contas son as que son, outra cousa e que se estea de acordo con elas, pero están fiscalizadas pola Intervención.

En canto ós gastos, dí, son os que son e algúns faríamolo doutra maneira..., pero o grupo de Goberno fala de inversións, e podemos facer os Plenos que sexan pero non se van a reproducir os cartos, e está claro que non estou de acordo coas cantidades gastadas, pero están fiscalizadas pola Intervención, e estas cantidades están en coñecemento de todos os representantes dos partidos políticos, polo que non é ningunha sorpresa, tampouco vexo a urxencia de convocar un pleno extraordinario poderíase tratar nun pleno ordinario e, con respecto ao Concelleiro que organizaba as Festas, penso que non debe estar ningún Concelleiro nunha Comisión de Festas, dí que, a mín non me gustaría nada estar nunha Comisión de Festexos pero non é ilegal, e sin non hai ningún convenio aprobado estes señores que dí o representante do PP, e que nomea as empresas en varias ocasións, non están obrigados a dar contas e saír os seus nomes ao público, non me parece. Por outra banda penso que non seí o que se plantexa en canto a gastos, pero non só será en Festas. É só unha opinión, cal é o fin si se me quere aclarar por parte do Grupo do Partido Popular, cal é o fin desta persecución...?, e si hai algo... ven tarde..., pois hai varios que xa non están nesta Corporación, e remato dicindo que, en adelante, xa non se vai derrochar máis.. porque non vamos ter cartos....

Intervén novamente a Señora Alcaldesa, Dona María Loureiro para dicir que o pleno se convocou a petición do partido popular, pero que parece unha demagogía tendo en conta que as contas xa están fiscalizadas e están os ingreso e os gastos, e ademáis dí que, ano tras ano sairon na prensa denunciando de que membros do equipo de goberno pasaban cantidades dunha conta pública a unha conta privada.

Ademáis dí a Sra. Alcaldesa que esta semana as oficinas de intervención e contabilidade paralizáronse para atender as peticións dos membros do Partido Popular e deixaron os traballadores de facer o traballo diario para buscar facturas, fotocopiar e presentar a documentación que se adxunta.

Continúa indicando que as festas de Viveiro co Bipartito foron organizadas para que puidera participar todo o pobo nos concertos e festexos e que non se pecharan as prazas ou pavillóns onde non podían acudir sen pagar. Co Bipartito buscou a maneira de que todos disfrutaran das festas do pobo e consideramos que son unha inversión, e o Goberno do Bipartito sempre tivo transparencia, e sempre se mostraron as contas, pero outros non poderán dicir o mesmo e nosoutros si.

Seguidamente, e en turno de réplica, Intervén Don César Aja Mariño, quen quer deixar claro que o pleno solicitouno porque aínda que se interesaron en varias ocasión por que se fixera



unha comisión onde se viran as contas das festas e se dixeran os gastos e ingresos e o que se recada en bonos, e non había maneira, pois ese foi o motivo de pedir un pleno.

Efectivamente o que dí o BNG, aquí vese só as contas das patronais e de Naseiro, evidentemente, porque son as tuteladas polo Concello. Queriamos analízalas tamén porque poñía reparos a Intervención cando se contrataba a empresas, como Dacapo, donde a facturación era moi esaxerada, e estas persoas son publicas, e son empresas públicas, digo isto contéstándolle ao Sr. Leal, xa que están nas actas municipais e figuran os nomes.

Con respecto a Naseiro quero dicir que é unha Festa de Interés Turístico, e digo que Naseiro nunca costou ao Concello gastos, nin se pagaron as orquestras nin se pagou o son e tamén digo que os datos das festas entregábanse no mes de outubro con todos os gastos das Comisións de Festas a todos os partidos políticos, pero a diferenza témola agora e dí que o debate foi interesante porque agora hai documentación e antes non se tiña.

A continuación intervén a Concellería de Facenda, Dona Covadonga Viamonte Aguiar e fai fincapé en que a máxima transparencia se dá cando os propios fiscalizadores, léase o Sr. Interventor e o propio Consello de Contas non puxeron impedimento algún, e todos istos datos están nas Contas do Concello e tamén as teñen o Partido Popular, e non hai outras explicacións só que pensar que non se lée a documentación.

Intervén o representante do BNG, Sr. Bernardo Fraga e dí que parte da transparencia se soubo cando houbo que facer o “ Plan de Axuste” e agora hai que tirar para adiante, e con respecto a Naseiro teño que recoñecer que a nivel de infraestrutura se mellorou moito e que o Concello ten que participar e ter en conta a seguridade da festa.

Seguidamente intervén o Sr. Leal, concelleiro do Ivi e dí que os gastos son os que són, facede as ratios financeiras que queirades sobre eles, pero son os que son, e non se van volver a producir, por desgracia para Viveiro, xa que non se vai derrochar, no nos vamos a ver no apuro de derroches, porque non vai haber cartos. Non se van facer as inversións, e como en todo, facer un acto de contrición, e intentar poñer os presupostos ao día e intentar axustalos á realidade.

Pola Sra. Alcaldesa vense en asegurar que xa está bastante debatido o asunto e xa están analizadas as contas das festas polo que levanta a sesión.

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Señora Alcaldesa levántase a sesión sendo as vinteduas horas e extendéndose a presente acta, por quintuplicado exemplar do que eu, Secretaria accidental dou fe.

Vº Bº
A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

SECRETARÍA

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: concello@viveiro.es